

A Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 16 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

9917 (10/CPC-000018)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, por petición propia, para informar sobre novos programas de financiamento en favor das pemes galegas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017

Punto 2. Preguntas

22220 (10/POC-003620)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a elaboración do informe relativo á reestruturación bancaria en Galicia en cumprimento do acordo parlamentario da Comisión 3.^a do 09/06/2017, as conclusións extraídas del polo Goberno galego e se se adoptou algún mecanismo de medición das consecuencias do dito proceso de reestruturación bancaria

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018

Punto 3. Propositions non de lei

3.1 4177 (10/PNC-000391)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, de medidas de transparencia, inspección e control en relación coa comercialización dos produtos financeiros emitidos polas entidades bancarias, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017

3.2 23375 (10/PNC-001861)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa convocatoria de axudas e subvencións no ano 2018 para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración coas entidades locais

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

3.3

24201 (10/PNC-001910)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da redución ao 4% do IVE dos produtos de hixiene íntima feminina, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

Abel Fermín Losada Álvarez
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/02/2018 14:05:40